



Memoria anual 2023/24

Escola de Doutoramento Internacional
Universidade de Santiago de Compostela



CONTIDO

ÍNDICE DE TÁBOAS E FIGURAS.....	3
1. INTRODUCCIÓN	4
2. ACTIVIDADE ACADÉMICA.....	5
2.1. OFERTA DE PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO.....	5
2.2. NOVOS PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO	7
2.3. ESTUDANTES DE DOUTORAMENTO MATRICULADOS.....	8
2.4. TESES DE DOUTORAMENTO DEFENDIDAS	11
2.5. PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE DOUTORAMENTO	12
3. FORMACIÓN	12
3.1. ACTIVIDADES TRANSVERSAIS	12
3.2. XI ENCONTRO DA MOCIDADE INVESTIGADORA	17
3.3. PROGRAMA DE MENTORIZACIÓN.....	17
3.4. CONCURSOS	18
TESES EN 3 MINUTOS (3MT).....	18
PROGRAMA ICARUS.....	19
4. DIFUSIÓN, COMUNICACIÓN E TRANSPARENCIA.....	20
4.1. BOLETÍN ELECTRÓNICO DA EDIUS.....	20
4.2. MANTEMENTO DO LINKEDIN DA EDIUS.....	20
4.3. ACTUALIZACIÓN DA WEB DA ESCOLA.....	21
4.4. COMUNICACIÓN INSTITUCIONAL.....	21
5. INTERNACIONALIZACIÓN E MOBILIDADE	21
5.1. DATOS DA INTERNACIONALIZACIÓN DA EDIUS	21
5.2. CONVOCATORIAS DE MOBILIDADE.....	23
6. NORMATIVA	24
6.1. APROBACIÓN DO NOVO REGULAMENTO DE ESTUDOS DE DOUTORAMENTO	25
6.2. APROBACIÓN DO NOVO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DA EDIUS	27
7. RELACIÓNS INSTITUCIONAIS	28
7.1. XORNADAS DE BENVIDA AO ESTUDANTADO DE DOUTORAMENTO	28
7.2. ACTO DE ENTREGA DOS PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE DOUTORAMENTO	28
7.3. XUNTANZAS CON OUTRAS INSTANCIAS UNIVERSITARIAS.....	29
7.4. XUNTANZAS E XORNADAS CO ESTUDANTADO DE DOUTORAMENTO.....	29
7.5. XUNTANZAS DOS ÓRGANOS COLEXIADOS DA EDIUS	30
7.6. CONFERENCIA DE DIRECTORES DE ESCUELAS DE DOCTORADO (CDED).....	30

8.	RELACIÓNS COAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E EMPRESAS	31
8.1.	CONVOCATORIA AUTONÓMICA DE DOUTORAMENTOS INDUSTRIAIS.....	31
9.	DOUTORAMENTOS HONORIS CAUSA	31
10.	ELECCIÓN DE CARGOS, PROCESOS ELECTORAIS E TRANSPARENCIA.....	32
11.	XESTIÓN ADMINISTRATIVA	33
12.	XESTIÓN DA CALIDADE.....	33
12.1.	RENOVACIÓN DA ACREDITACIÓN DOS PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO...	34
12.2.	MODIFICACIÓN DE PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO.....	34
12.3.	ENQUISAS DE SATISFACCIÓN	35
12.4.	INFORMES DE CALIDADE E PLAN DE MELLORAS.....	36
	ANEXO I.....	37
A)	EQUIPO DIRECTIVO DA EDIUS	37
B)	EQUIPO ADMINISTRATIVO DA EDIUS.....	37
C)	COMITÉ DE DIRECCIÓN DA EDIUS	38
D)	COMISIÓN DE CALIDADE DA EDIUS.....	38
E)	COMISIÓN EXECUTIVA DA EDIUS	39
F)	COMISIÓNS SECTORIAIS DA EDIUS.....	39
G)	COORDINACIÓN DOS PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO	39

ÍNDICE DE TÁBOAS E FIGURAS

Táboa 1. Oferta de prazas de novo ingreso nos Programas de Doutoramento no curso académico 2023/2024.	5
Táboa 2. Actividades formativas transversais xerais ofertadas pola EDIUS durante o curso académico 2023/2024 para o estudiantado de doutoramento.	13
Táboa 3. Actividades formativas transversais sectoriais ofertadas pola EDIUS durante o curso 20201/2022 para o seu estudiantado.	15
Táboa 4. Evolución do número de directores/as de teses e de persoal experto do estranxeiro en tribunais de teses.	22
Táboa 5. Teses en cotutela defendidas na USC.	22
Táboa 6. Teses con mención internacional defendidas na USC.	23
Figura 1. Estudantes de doutoramento matriculados por curso académico.	8
Figura 2. Estudantes de doutoramento matriculados por curso académico e rama de coñecemento.	9
Figura 3. Procedencia das persoas doutorandas matriculadas.	10
Figura 4. Evolución da realización da tese a tempo completo e a tempo parcial.	10
Figura 5. Teses defendidas por curso e rama de coñecemento.	11

1. INTRODUCCIÓN

Esta memoria contén a actividade desenvolvida na Escola de Doutoramento Internacional da Universidade de Santiago de Compostela (EDIUS) ao longo do curso académico 2023/2024.

Neste curso académico produciuse unha profunda modificación do RD 99/2011, do 28 de xaneiro, no que se regulan as ensinanzas oficiais de doutoramento, a través da publicación do RD 576/2023, o que obrigou a iniciar tamén o proceso de revisión da normativa interna de doutoramento: [Regulamento de Estudos de Doutoramento](#) e [Regulamento de Réxime Interno da EDIUS](#), así como de todos os procedementos académicos e administrativos para adaptalos aos novos requisitos.

Neste curso 2023/2024 comezou o proceso de extinción do Programa de Doutoramento en Xestión Sustentable da Terra e do Territorio como consecuencia da súa escasa demanda e rematouse o proceso de tramitación do Programa de Doutoramento Interuniversitario en Didáctica das Ciencias Experimentais, no que participan a Universidade Autónoma de Barcelona, a Universidade Complutense de Madrid, a Universidade de Alacante, a Universidade de Almería, a Universidade de Castilla-La Mancha, a Universidade de Cádiz, a Universidade de Córdoba, a Universidade de Girona, a Universidade de Xaén, a Universidade de Murcia, a Universidade de Málaga, a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade de Zaragoza e a Universidade do País Vasco/Euskal Herriko Unibertsitatea, sendo a Universidade de Murcia a institución coordinadora. Este programa de doutoramento comezará a impartirse no curso 2024/2025.

Por outra banda, neste curso académico levouse a cabo o proceso de seguimento interno de todos os programas de doutoramento da USC.

Este curso académico focalizamos o noso esforzo no fortalecemento da oferta de actividades no ámbito da formación transversal da EDIUS, que neste curso 2023/2024 constou de 44 actividades, das cales 12 foron propostas completamente novidasas.

Finalmente, celebrouse unha nova edición do Encontro da Mocidade Investigadora (o undécimo) e as terceiras edicións dos concursos “A túa tese en 3 Minutos” e “A túa tese de doutoramento nun fío de Twitter: *#HiloTesis*”. Este último foi coordinado pola Rede Divulga de CRUE I+D+i e contou cunha fase local (USC) e outra nacional.

2. ACTIVIDADE ACADÉMICA

A actividade académica da EDIUS estivo rexida durante o curso académico 2023-2024 polo calendario académico da USC aprobado polo Consello de Goberno do 23 de febreiro de 2023.

2.1. OFERTA DE PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO

No curso 2023/2024, como se comentou con anterioridade, deuse comezo ao proceso de extinción do Programa de Doutoramento en Xestión Sustentable da Terra e do Territorio por mor da súa escasa demanda durante os últimos anos. Esta escasa demanda pode explicarse por un elevado nivel de coincidencia dunha grande parte das súas liñas de investigación con outras establecidas noutros programas. A meirande parte do profesorado deste programa xa formaba parte do conxunto de persoal docente e investigador doutros programas polo que a súa experiencia e saber seguirá a estar a disposición do estudantado de doutoramento actual e futuro.

No curso 2023/2024 ofertáronse 57 programas de doutoramento, con 851 prazas para estudantado de novo ingreso. A información sobre cada un dos programas de doutoramento proporciónase na páxina web oficial de titulacións da USC (<https://www.usc.gal/gl/estudios/doutoramentos>). Nela explícanse as condicións de admisión, a organización e actividades formativas propias, as liñas de traballo que se ofrecen e os grupos de investigación que participan no programa, ademais de proporcionar datos de contacto e outra información de interese.

Táboa 1. Oferta de prazas de novo ingreso nos Programas de Doutoramento no curso académico 2023/2024.

Nome do Programa de Doutoramento	Prazas ofertadas	Solicitudes de admisión	Solicitudes admitidas	Matrícula	Listaxe de agarda
Agricultura e Medio Ambiente para o Desenvolvemento	20	15	4	4	0
Análise Económica e Estratexia Empresarial	12	65	16	12	2
Avances e Novas Estratexias en Ciencias Forenses	10	8	6	6	0
Avances en Bioloxía Microbiana e Parasitaria	10	15	8	8	0
Biodiversidade e Conservación do Medio Natural	9	5	2	1	0
Ciencia de Materiais	20	26	20	15	0

Ciencia e Tecnoloxía Química	50	36	29	27	0
Ciencias da Visión	6	2	2	2	0
Ciencias Mariñas, Tecnoloxía e Xestión	10	5	4	3	0
Ciencias Odontolóxicas	17	22	17	17	0
Ciencias Sociais e Envellecemento	4	5	2	0	0
Comunicación e Información Contemporánea	15	33	16	15	0
Dereito	15	49	15	15	25
Desenvolvemento Psicolóxico, Aprendizaxe e Saúde	12	15	6	6	0
Desenvolvemento Rexional e Integración Económica	10	30	10	9	0
Didáctica das Ciencias Experimentais	6	10	4	4	0
Economía e Empresa	20	54	20	19	1
Educación	20	32	20	20	3
Endocrinoloxía	15	14	11	10	0
Energías Renovables e Sustentabilidade Enerxética	15	11	5	5	0
Enxeñaría para o Desenvolvemento Rural e Civil	13	14	8	7	0
Enxeñaría Química e Ambiental	15	17	16	15	0
Enxeñaría Termodinámica de Flúidos	2	1	0	0	0
Epidemioloxía e Saúde Pública	15	27	16	15	0
Equidade e Innovación en Educación	10	34	10	9	3
Estatística e Investigación Operativa	8	7	1	0	0
Física Nuclear e de Partículas	30	13	11	11	0
Innovación en Seguridade e Tecnoloxías Alimentarias	15	13	11	10	0
Investigación Agraria e Forestal	20	25	14	12	0
Investigación Básica e Aplicada en Ciencias Veterinarias	12	11	8	8	0
Investigación Clínica en Medicina	40	67	40	40	8
Investigación e Desenvolvemento de Medicamentos	28	38	32	31	0
Investigación en Tecnoloxías da Información	20	28	18	16	0
Láser, Fotónica e Visión	6	3	3	2	0
Marketing Político, Actores e Institucións nas Sociedades Contemporáneas	22	30	20	12	0
Matemáticas	10	17	11	10	0
Matemáticas e Aplicacións	9	11	2	0	0
Medicina e Sanidade Veterinaria	16	8	7	7	0
Medicina Molecular	40	52	45	42	0

Medio Ambiente e Recursos Naturais	20	7	3	3	0
Neurociencia e Psicoloxía Clínica	18	23	14	12	0
Procesos Psicológicos e Comportamento Social	10	6	3	3	0
Psicoloxía do Traballo e as Organizacións, Xurídica-Forense e do Consumidor e Usuario	10	11	4	4	0
Relacións Laborais e Recursos Humanos	10	20	5	5	0
Turismo	10	20	13	8	0
Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias Aplicadas	9	5	2	2	0
Estudos da Literatura e da Cultura	15	24	15	15	3
Estudos Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura	14	16	7	5	0
Estudos Medievais	13	13	10	10	0
Filosofía	12	23	12	10	0
Historia Contemporánea	20	22	13	11	0
Historia, Xeografía e Historia da Arte	30	50	33	30	0
Lingüística	12	19	12	10	2
Lóxica e Filosofía da Ciencia	6	6	4	4	0
Textos da Antigüidade Clásica e a súa Pervivencia	6	1	1	1	0
Estudos Culturais: Memoria, Identidade, Territorio e Linguaxe	14	14	12	10	0
Protección do Patrimonio Cultural	5	7	3	2	0

2.2. NOVOS PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO

Durante o curso 2023-2024 púxose en marcha o novo Programa de Doutoramento en Didáctica das Ciencias Experimentais. Neste programa conxunto participan 14 universidades españolas: a Universidade Autónoma de Barcelona, a Universidade Complutense de Madrid, a Universidade de Alacante, a Universidade de Almería, a Universidade de Castilla-La Mancha, a Universidade de Cádiz, a Universidade de Córdoba, a Universidade de Girona, a Universidade de Xaén, a Universidade de Murcia, a Universidade de Málaga, a Universidade de Santiago de Compostela; a Universidade de Zaragoza e a Universidade do País Vasco/Euskal Herriko Unibertsitatea, sendo a Universidade de Murcia a institución coordinadora. A coordinadora deste Programa é a profesora Isabel García-Rodeja Gayoso. Neste curso académico o programa iniciouse cunha oferta de seis prazas para estudantes de novo ingreso.

2.3. ESTUDANTES DE DOUTORAMENTO MATRICULADOS

No curso 2023/2024 matricularonse na USC 2.572 estudantes de doutoramento con matrícula ordinaria, máis 74 de estadía, o que fai un total de 2.646. Deste número, 581 estudantes matricularonse por primeira vez. Este curso invértese a tendencia dos últimos anos. Rexístrase un leve ascenso nos estudantes de doutoramento de primeira matrícula e no cómputo global de matriculados ([Figura 1](#)), malia o lixeiro, pero continuo, incremento experimentado na defensa das teses nos últimos anos e que se corrobora tamén neste curso 2023/2024.




Figura 1. Estudantes de doutoramento matriculados por curso académico.

Por ramas de coñecemento ([Figura 2](#)), os programas de doutoramento de Ciencias da Saúde e Ciencias e Enxeñarías son os que tiveron máis estudantado con matrícula ordinaria, con 864 e 650 respectivamente, mentres que as grandes áreas de Ciencias Sociais e Xurídicas (565) e Artes e Humanidades (473) experimentaron de novo un leve descenso na súa matrícula respecto ao curso académico anterior, confirmando a tendencia observada. En relación ao estudantado de primeira matrícula, o máis numeroso de novo é o das áreas de Ciencias da Saúde e Ciencias Sociais e Xurídicas (202 e 140, respectivamente), superando esta última a Ciencias e Enxeñarías (131), e invertendo o comportamento dos últimos anos. Finalmente, a área Artes e Humanidades acadou 108 novos estudantes de doutoramento matriculados.





Figura 2. Estudantes de doutoramento matriculados por curso académico e ramo de coñecemento.

A proporción de estudantes de doutoramento estranxeiros continuou a incrementarse lixeiramente, confirmando a tendencia dos últimos anos desde a pandemia da COVID19, chegando neste curso académico aos 861 doutorandos e doutorandas matriculados, 36 máis que no curso anterior, o que representa xa o 33,4 % do total do estudantado de doutoramento matriculado. A EDIUS continúa sendo o centro con maior presenza de estudantes estranxeiros da USC. Tamén é moi positivo que a proporción de estudantado estranxeiro continúe por enriba da media española, que é de aproximadamente un 29 %¹.



¹ Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades. *Sistema Integrado de Información Universitaria (SIIU)* (2024). Recuperado de: https://www.universidades.gob.es/wp-content/uploads/2024/05/SIIU_DatosCifras2024.pdf

Figura 3. Procedencia das persoas doutorandas matriculadas.

Entre o estudiantado estranxeiro o grupo máis numeroso é o orixinario de Portugal (158 estudantes), seguido do de Ecuador (71), Brasil (62), Colombia (46), México (42), Xordania (26), Suíza (25), China (24) e Paquistán (23). O estudiantado estranxeiro cursa sobre todo programas das ramas de Ciencias Sociais e Xurídicas e de Ciencias e Enxeñaría. No primeiro caso procede fundamentalmente de Portugal e Iberoamérica mentres que no segundo a procedencia é máis diversa xa que depende das relacións científicas, e convenios de cotutela e de intercambio dos programas de doutoramento.

Os datos do tipo de dedicación ([Figura 4](#)) do estudiantado indican que no curso 2023/2024 un 57,3 % realizaba os seus estudos de doutoramento a tempo completo (1.475 estudantes) e o 17,1 % a tempo parcial (439), mentres que o resto, un 25,6 %, mantiña unha dedicación de tipo mixto (658). O tempo de duración medio dos estudos de doutoramento sitúase en catro anos e catro meses, reducíndose de novo moi lixeiramente respecto ao curso anterior. No cómputo inclúense tanto os doutorandos e doutorandas con dedicación a tempo completo como a tempo parcial, de aí a duración relativamente longa que se precisa para cursar con éxito os estudos de doutoramento.

Ademais, na Figura 4 pódese observar un incremento neste curso académico no número de estudantes que nalgún momento tiveron unha dedicación a tempo parcial, probablemente consecuencia da activación dun novo proceso de extracción de datos que permite coñecer exactamente se un estudante desfrutou nalgún momento de dedicación a tempo parcial, a diferenza do proceso anterior, que proporcionaba unha sorte de “foto fixa” da dedicación das persoas doutorandas.




Figura 4. Evolución da realización da tese a tempo completo e a tempo parcial.

2.4. TESES DE DOUTORAMENTO DEFENDIDAS

Desde o inicio do curso 2016/2017 defendéronse na USC 2.225 teses de doutoramento. O seguinte gráfico representa a súa evolución e distribución por rama de coñecemento ([Figura 5](#)).




Figura 5. Teses defendidas por curso e rama de coñecemento.

No curso 2023/2024 defendéronse 342 teses de doutoramento, 5 máis que no curso académico anterior. As realizadas en modalidades especiais (en cotutela, con mención internacional ou mención industrial) supoñen o 40,6 % do total. Destas, a maioría, un 36,8 %, son as que optan á mención internacional (126). Isto supón un decrecemento de punto e medio respecto ao curso anterior.

Asemade, as defensas das teses foron eminentemente en formato presencial, 266 dun total de 342 teses presentadas no curso 2023/2024. É dicir, un 77,8 % do total. Cómpre recordar, en todo caso, que a defensa non presencial mantense como alternativa para facilitar as configuracións e dispoñibilidade dos tribunais, e flexibilizar o acto de defensa en si mesmo.

Por outra banda, neste curso defendéronse catro teses con mención industrial, tres na gran área de Ciencias e Enxeñarías e unha na área de Ciencias da Saúde. Ademais, a Comisión Executiva da EDIUS deu o visto e praxe a 12 novas solicitudes de doutoramento industrial, o que hai que valorar moi positivamente porque amosa o crecente interese do estudiantado por este tipo de tese. Entre as empresas coas que se asinaron convenios neste curso académico destacan: NanoGap Sub-nm-Powder, Galaria, Flowreserve Labs, MD.USE Innovations, DIVERSA Technologies, Biostatech, etc.

2.5. PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE DOUTORAMENTO

No curso académico 2023/2024 convocáronse e resolvéronse os premios extraordinarios de doutoramento correspondentes ao curso 2021/2022, e tamén se convocaron os correspondentes ao curso académico 2022/2023.

Segundo a proposta definitiva aprobada no Consello de Goberno de 26 de abril de 2024, para o curso 2021/2022 concedéronse 35 premios co seguinte reparto: 12 na rama de Ciencias da Saúde, 10 na área de Ciencias e Enxeñerías, 5 na área de Artes e Humanidades e 8 na área de Ciencias Sociais e Xurídicas. A relación completa das persoas premiadas pode consultarse na nosa páxina web: https://assets.usc.gal/sites/default/files/documents/2024-04/Aprobacion-premios-extraordinarios-doutoramento_asinado.pdf. O número de solicitudes recibidas foi de 156.

Os premios extraordinarios de doutoramento correspondentes ao curso académico 2022/2023 convocáronse o 5 de xullo de 2024, cun total de 30 premios e a seguinte distribución inicial: 11 na rama de Ciencias da Saúde, 9 na de Ciencias e Enxeñerías, 4 na de Artes e Humanidades e 6 na de Ciencias Sociais e Xurídicas.

3. FORMACIÓN

3.1. ACTIVIDADES TRANSVERSAIS

A oferta de actividades transversais da EDIUS, tanto as xerais como aquelas máis dirixidas a unha gran área de coñecemento en concreto, ten como obxectivo facilitar ao estudantado a adquisición das competencias, habilidades e destrezas necesarias para participar de xeito activo na sociedade do coñecemento e desenvolverse con éxito nun mercado de traballo complexo e cambiante.

Durante o curso académico 2023/2024 ofertáronse 44 actividades formativas transversais, das cales 12 foron ofertadas por primeira vez neste curso, con máis de 500 horas de formación complementaria en todos os eidos. Estas actividades transversais complementáronse adicionalmente con outras 26 de formación específica nos diferentes ámbitos científicos ([Táboa 2](#) e [Táboa 3](#)).

En particular, neste curso académico reforzouse a formación ofertada nos Módulos de Competencias en “Información e recursos”, “Competencias en comunicación”, “Divulgación e xestión do tempo” e “Competencias en investigación, innovación e transferencia”, cun incremento no número de cursos ofertados e, sobre todo, das prazas

ofertadas. Asimesmo, reforzouse tamén a oferta formativa en liña con algunhas actividades adicionais neste formato de ensinanza.

Cómpre destacar tamén a posta en marcha do Programa de Mentorización (ver [apartado 2.3](#)), como peche da estratexia formativa EDIUS-CONECTA que se iniciou co “Hackathon Social-Tech”, o “Sprint de Innovación” e o “Senior Innovation Lab”.

Táboa 2. Actividades formativas transversais xerais ofertadas pola EDIUS durante o curso académico 2023/2024 para o estudiantado de doutoramento.

ACTIVIDADES TRANSVERSAIS XERAIS	PRAZAS OFERTADAS	MATRÍCULAS	LISTA DE AGARDA
MÓDULO 1: Competencias en información e recursos			
Revisión sistemática da literatura e análise bibliométrica con VOSviewer (1ª edición)	45	44	26
Revisión sistemática da literatura e análise bibliométrica con VOSviewer (2ª edición)	30	30	20
Deseño e preparación de presentacións	20	20	20
Ferramentas dixitais de apoio para desenvolver artigos científicos	20	13	0
Becoming a Scientific Writer: Putting Why? before How?. 1ª Edición	16	14	1
Becoming a Scientific Writer: Putting Why? before How?. 2ª Edición	17	13	2
Creación de documentos con Látex	100	7	0
Competencias en información para a investigación. Nivel experto	53	52	0
MÓDULO 2: Competencias en comunicación, divulgación e xestión do tempo			
Xestión do tempo	20	20	0
Técnicas de expresión oral e xestual: Aplicación no ámbito académico	20	20	18
Three Minute Thesis: O pitch como ferramenta para unha comunicación científica eficaz	20	20	2
Taller de xestión do tempo e do estrés na etapa de tese (1ª edición)	20	20	25
Taller de xestión do tempo e do estrés na etapa de tese (2ª edición)	22	21	0
Divulgación e visibilidade social da investigación	40	16	0
Comunicación persuasiva	27	23	2
MÓDULO 3: Competencias en investigación, innovación e transferencia			
Senior Innovation Lab (edición Santiago)	9	9	0
Senior Innovation Lab (edición Lugo)	8	1	0
As patentes como elemento de valor estratéxico: Ciencias e Enxeñarías	20	11	0
Propiedade industrial e transferencia de tecnoloxía	23	21	0
Como preparar unha carreira académica	200	187	0

Como transferir a miña tese á sociedade? Formación en habilidades innovadoras	30	27	0
How to transfer my research to society? Training in Innovation Skills	25	23	18
Resolución de conflitos	20	18	0
Ciencia aberta e humanidades dixitais	20	20	0
International Doctoral Summer School 'The values of the commons in the digital society'	10	10	4
Masterclass e panel de discusión: El uso de datos, inteligencia artificial y metaverso en el servicio audiovisual público	100	11	0
MÓDULO 4: Tratamento e modelización da información territorial			
Tecnoloxías de análise de información xeo-espacial para a investigación.	23	22	0
Análise e visualización de datos espaciais con R	20	14	0
Introdución á análise espacial e á econometría espacial con R	20	16	0
Introdución ao manexo de imaxes espaciais e sensores remotos e a súa aplicabilidade ambiental	20	20	0
MÓDULO 5: Competencias en análise de datos e modelización			
Bloque Básico			
Introdución a R, estatística e visualización	20	20	7
Estatística científica cos algoritmos de R	20	11	0
Introdución á regresión	20	20	6
Programación de análises empíricas con R	22	20	0
Utilización de Python para a creación de modelos de clasificación e regresión	12	12	1
Bases de datos			
Bases de datos relacionais e non relacionais para investigación en Artes e Humanidades, Ciencias Sociais e Xurídicas	20	17	2
MÓDULO 6: Competencias en perspectiva de xénero, ética e igualdade na I+D+i			
Perspectiva de Xénero na Investigación: un enfoque integrador	20	16	0
O concepto de xénero e o seu valor na investigación actual	15	11	0
Investigación e innovación responsable. Implicacións no marco da sustentabilidade e a cooperación internacional	30	30	11
A integridade e a ética na investigación	40	27	0
Xornadas Cultura Laboral en Investigación	75	65	0
Doutorarse con perspectiva de xénero	15	11	0
MÓDULO 7: Competencias para a empregabilidade			
Teambuilding: aprendendo a traballar con xeito en equipo	22	21	0
Traballo en Equipo	21	19	3

Entre as actividades formativas sectoriais atópanse actividades específicas anteriormente realizadas por algún programa de doutoramento para o seu estudantado e que despertaron un elevado interese no doutros programas polo que se decidiu ofertalas tamén desde a EDIUS para o estudantado dunha determinada gran área de coñecemento.

Táboa 3. Actividades formativas transversais sectoriais ofertadas pola EDIUS durante o curso 20201/2022 para o seu estudantado.

CIENCIAS E ENXEÑARÍAS	PRAZAS OFERTADAS	MATRÍCULAS	LISTA DE AGARDA
MÓDULO: Seminarios e conferencias de Ciencias e Enxeñarías			
Seminario de Matemática Aplicada: An overarching framework for spectral methods and dispersive equations	ND	ND	ND
Seminario de Matemática Aplicada: Invariant domain preserving ALE approximation of Euler equations	ND	ND	ND
Utilización de Python para a creación de modelos de clasificación e regresión	ND	ND	ND
Jornada de Encuentro de Estudiantes en el PD MMSNICA	ND	ND	ND
Seminario de Matemática Aplicada: Modelización matemática para simular epidemias usando datos reais	ND	ND	ND
Charla Temática: Desarrollo de nuevas herramientas moleculares útiles en la monitorización de la presencia de genes de resistencia a antibióticos en aguas residuales	ND	ND	ND
Seminario de Matemática Aplicada: High order Lagrange-Galerkin methods for the conservative formulation of the advection-diffusion equation	ND	ND	ND
Seminario de Matemática Aplicada: Algunos ejemplos de modelos en fluidos obtenidos utilizando el método de desarrollos asintóticos	ND	ND	ND
Seminario de Matemática Aplicada: Variational Physics-Informed Neural Networks optimized with least squares and adaptivity in the test space	ND	ND	ND
Seminario de Matemática Aplicada: Imaging-informed patient-specific computational modeling of organ-confined prostate cancer	ND	ND	ND
Seminario de Matemática Aplicada: Isogeometric Methods for the Simulation and Optimization of Electric Motors	ND	ND	ND
Seminario de Matemática Aplicada: Compatible finite element discretization of the Lie advection-diffusion problem with application to magnetohydrodynamics	ND	ND	ND
Seminario de Matemática Aplicada: On tree-cotree and parallel methods for electromagnetic simulations in 3D	ND	ND	ND
Seminario de Matemática Aplicada: Fundamentals of mathematical modeling of moisture transfer in the soil	ND	ND	ND

CIENCIAS DA SAÚDE	PRAZAS OFERTADAS	MATRÍCULAS	LISTA DE AGARDA
MÓDULO: Seminarios e conferencias de Ciencias da Saúde			
Xornada de Intelixencia Artificial e Neurociencia	43	42	0
Natural compounds for enhancing memory and antioxidant application in neurodegenerative disorders: mechanistic approach	30	17	0
Formación en experimentación animal: redución no uso de animais de experimentación mediante a reutilización racional de mostrás mediante a plataforma aRukon	60	47	0
ARTES E HUMANIDADES – CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS	PRAZAS OFERTADAS	MATRÍCULAS	LISTA DE AGARDA
MÓDULO 1: Competencias en información e recursos			
Seminario de Futuros Urbanos	20	6	0
Moving away from a close-up to see a bigger picture: a practical example from a doctoral thesis	20	20	0
MÓDULO 2: Competencias en comunicación, divulgación e xestión do tempo			
Redacción científica: aspectos estilísticos, editoriais e de propiedade intelectual	42	40	0
Research and Getting it Published	26	21	1
Socimetría: A Análise de Redes Sociais como unha técnica diferente para realizar investigacións	30	13	0
MÓDULO 3: Competencias en investigación, innovación e transferencia			
II Encontro Internacional Sexenios, Acreditacións e Innovación Docente. Implicacións da LOSU no ámbito do Dereito	ND	ND	ND
MÓDULO 5: Competencias en análise de datos e modelización			
Investigación cualitativa con el software de análisis de datos ATLAS.ti	20	20	5
Introducción á análise da mediación, moderación e mediación moderada coa macro PROCESS para SPSS	20	18	1
GIS para investigadores en Historia e Historia da Arte	ND	ND	ND

ND: Non dispoñible

Neste curso académico 2023/2024 non se ofertaron actividades de formación destinadas ao profesorado dos programas de doutoramento por mor da posta en marcha do renovado Plan de Formación e Innovación Docente, que incrementou sensiblemente o número de actividades formativas para o profesorado, de cara a evitar potenciais duplicidades. Realizarase unha análise desta oferta formativa e, en caso de detectarse algunha necesidade de formación para o profesorado en relación coas súas tarefas de supervisión dos estudantes de doutoramento, esta tentará ser cuberta a través dunha programación focalizada e específica, por exemplo, en temas directamente relacionados coa xestión dos recursos e equipos de traballo, resolución de conflitos, ética en investigación, innovación na investigación de doutoramento, orientación da carreira académica, etc.

En resumo, para as actividades formativas nas que foi necesario realizar un proceso oficial de matrícula ofertáronse un total de 1.711 prazas, cun incremento do 15 % respecto do curso pasado, e cubríronse 1.382, o que supón unha participación do 80,8 %, dous puntos por enriba do curso 2022/2023. É importante tamén salientar que todas as actividades ofertadas son gratuítas para o estudiantado de doutoramento, xa que son financiadas co orzamento da EDIUS.

3.2. XI ENCONTRO DA MOCIDADE INVESTIGADORA

O XI edición do Encontro da Mocidade Investigadora (EMI) celebrouse os días 10 e 11 de xuño na Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela, en modalidade presencial. Neste Encontro participaron 203 estudantes de doutoramento das tres universidades galegas e pertencentes a todos os ámbitos de coñecemento. Contouse, ademais, cunha importante participación de estudiantado estranxeiro que está a desenvolver os seus estudos na USC. Presentáronse un total de 122 comunicacións orais e 24 comunicacións tipo póster, e concedéronse catro premios ás mellores comunicacións orais, máis outros dous ás mellores comunicación tipo póster.

Esta edición contou coa presenza de Jesús Benitez Baleato (profesor axudante doutor da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais da USC) e de Eva Cabanelas Dopazo, divulgadora científica vencellada a veterinaria. O primeiro foi convidado para falar do impacto das tecnoloxías dixitais na democracia, mentres que Eva Cabanelas presentou unha intervención sobre ferramentas para a divulgación nos eidos da investigación.

3.3. PROGRAMA DE MENTORIZACIÓN

A Escola lanzou no mes de xaneiro de 2024 o EDIUS Mentoring, un programa piloto centrado no acompañamento do estudiantado na etapa da tese. Todas as accións teñen un denominador común: potenciar a carreira profesional dos investigadores/as nas súas diferentes etapas de desenvolvemento. O propósito do programa de mentorización é que de forma temperá o estudiantado de doutoramento conciba e organice o seu plan de desenvolvemento profesional máis aló da realización da tese e a consecución do título de doutoramento. A persoa mentora servirá como guía neste proceso, pensando naquelas competencias adicionais que poden ser necesarias para enfocar con éxito a etapa profesional dos futuros doutores e doutoras, xa sexa no ámbito académico ou no eido empresarial.

O programa piloto da EDIUS está destinado, nun principio, a 50 estudantes de doutoramento como mentorizados e outras 50 persoas mentoras. A Escola quere que este mentoría teña un recoñecemento como actividade formativa e sirva para potenciar a carreira profesional de todas as persoas participantes. O programa, ademais, ten un recoñecemento de competencia transversal para a formación e carreira dos estudantes de doutoramento.

O proceso de mentoría que prevé este programa terá unha duración de nove meses e terá lugar entre outubro de 2024 e xuño de 2025.

3.4. CONCURSOS

TESES EN 3 MINUTOS (3MT)

A EDIUS puxo en marcha a terceira edición do Three Minute Thesis (3MT®), o concurso de comunicación para investigadores e investigadoras de todas as áreas de coñecemento iniciado pola Universidade de Queensland en 2008. Este evento ten por obxecto cultivar as habilidades de comunicación académica, de presentación e de investigación do estudiantado.

En particular, esta competición reta ao estudiantado de doutoramento a consolidar as súas hipóteses, obxectivos e ideas así como a validez e importancia dos resultados da súa investigación, e a presentalos de xeito claro e conciso, empregando unicamente os recursos propios da oratoria e da retórica, esenciais para as súas futuras carreiras profesionais. O escaso tempo que teñen, soamente tres minutos, obrígalles a preparar discursos claros e efectivos, que transmitan en poucas palabras a importancia do tema de investigación de xeito sinxelo e comprensible para os non expertos.

21 estudantes de doutoramento da USC enviaron os seus vídeos para participar neste certame: 11 persoas de Ciencias da Saúde, 5 de Ciencias Sociais e Xurídicas, 2 de Ciencias e Enxeñarías, e 1 de Artes e Humanidades. A selección dos vídeos finalistas estivo a cargo dun comité académico conformado polas persoas subdirectoras da EDIUS (Prof. Dolores Vilavedra Fernández, Prof. Eva Rodil Rodríguez, Prof. José Manuel Cifuentes Martínez e Prof. José Miguel Túñez López) e por dous profesores da USC (Prof. Marta Rodríguez Castro e Prof. Roi Méndez Fernández). Este comité encargouse de elixir aos 15 finalistas que concorreron na Gran Final celebrada o día 6 de xuño. Os cinco Premios de Excelencia de Divulgación Científica, un por cada gran área, foron adxudicados a:

- Ciencias da Saúde: **Cristina de Jesús Sen**, do Programa de Doutoramento en Medicina Molecular.
- Ciencias e Enxeñerías: **Mariangel Luna Verdugo**, do Programa de Doutoramento en Ciencia de Materiais.
- Ciencias Sociais e Xurídicas: **Dina Ilena Borges Bienes**, do Programa de Doutoramento en Equidade e Innovación Educativa.
- Artes e Humanidades: **Carmen Gloria Cernadas Lema**, do Programa de Doutoramento en Estudos Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura.

A EDIUS premiou aos estudantes de doutoramento gañadores cun cheque por valor de 250 € e uns suadoiros da USC.

PROGRAMA ICARUS

A Área de Valorización, Transferencia e Emprendemento, en colaboración coa EDIUS, puxo en marcha a segunda edición do programa ICARUS, que ten como obxectivo provocar nos estudantes da universidade unha reflexión sobre a aplicación social e económica do coñecemento contido nos seus traballos de fin de grao (TFG), mestrado (TFM) e tese de doutoramento. No caso das teses, os galardóns consistiron nun primeiro premio de 1.000 euros e nun segundo de 500 euros en cada unha das seguintes áreas: Artes Humanidades; Ciencias Sociais e Xurídicas; Ciencias Experimentais, Enxeñería e Arquitectura, e Ciencias da Saúde.

Na categoría de teses de Artes e Humanidades, os traballos premiados foron “Museoloxías contemporáneas e sistemas culturais emerxentes: modelos, heurísticas, conceptos. Aplicación ao sistema museal galego” de Sabela López Pato (primeiro premio) e “Unha arqueoloxía de xénero para o estudo da sociedade da Gallaecia dos séculos IV-VI d.C.” de Celia Rodríguez González (segundo premio). Na área de Ciencias Sociais e Xurídicas o primeiro premio foi para o traballo titulado “Os retos da seguridade e a saúde laboral ante a dixitalización da empresa. Especial atención a prevención de riscos laborais no traballo a distancia e teletraballo” de Bárbara Torres García, e Yago Atrio Lema recibiu o segundo propio polo seu traballo “Perfilado do turista e modelos de recomendación”.

María Flórez Mora con “Desenvolvemento de películas compostas respectuosas co medio ambiente a base de quitosano” (primeiro premio) e Andrea Estévez Anta con “Investigación do uso de drogas e da exposición a compostos químicos relacionados cos polímeros mediante a análise de augas residuais” (segundo premio) foron as teses distinguidas na categoría de Ciencias Experimentais. Na modalidade de teses pertencentes á área de Ciencias da Saúde, Óscar Rapado González obtivo o primeiro premio con “Biopsias líquidas para a medicina de precisión con biomarcadores tumorais de cancro colorrectal”. Na mesma categoría, o segundo premio recaeu en Thi Kim Thoa Duong polo traballo titulado “Ecoinnovacións para a administración avanzada de

fármacos pulmonares: partículas de alxinatocargadas con dipropionatode beclometasona mediante tecnoloxías supercríticas de aeroxel”. Finalmente, o premio na área de Enxeñería e Arquitectura foi concedido a Ana Arias Calvo polo traballo titulado “Conversión de bio-residuos en biomateriais e produtos bioactivos. Un ámbito da Economía circular”.

4. DIFUSIÓN, COMUNICACIÓN E TRANSPARENCIA

No relativo á información pública e transparencia, a Escola de Doutoramento continuou na liña de mellora da comunicación, tanto interna como externa, así como na de establecer unha total transparencia nos seus procedementos e actuacións. No curso académico 2023/24 desenvolvéronse, en particular, as seguintes actuacións:

4.1. BOLETÍN ELECTRÓNICO DA EDIUS

Ao longo do curso académico 2023/24 continuouse coa elaboración e publicación de [nEDIUS](#), o boletín electrónico da Escola (10 números).

4.2. MANTEMENTO DO LINKEDIN DA EDIUS

No curso 2023/24 mantívose este perfil na rede social [LinkedIn](#). Na actualidade, o perfil ten preto de 1.500 seguidores, sendo a EDIUS unha das escolas de doutoramento con máis seguidores de España. Nesta páxina de LinkedIn atópase todo tipo de información relacionada coa EDIUS, tanto para o estudiantado coma para o profesorado.

Diariamente, no LinkedIn publícanse entradas sobre os cursos de formación que se ofrecen de xeito gratuíto, noticias sobre as bolsas, axudas, convocatorias, seminarios, concursos e outros avisos varios. Ademais, a primeira hora da mañá anúncianse as teses de doutoramento que cada día se presentan na USC.

Co perfil nesta rede social, a EDIUS quere reforzar a nova forma de comunicación e difusión da información desta escola de doutoramento. Esta iniciativa vai dirixida a todas as persoas que forman parte da EDIUS, desde o equipo de coordinación de cada programa de doutoramento ata o persoal administrativo, pasando polo profesorado do programa, o estudiantado, persoas directoras e titoras de tese, entre outros perfís profesionais.

4.3. ACTUALIZACIÓN DA WEB DA ESCOLA

Durante este curso académico continuouse a actualización e mellora do sitio web da [EDIUS](#). No relativo aos contidos, e para facelo máis accesible e comprensible, reorganizouse a información relativa ao seguimento do estudantado e ao proceso de elaboración e solicitude de depósito das teses, coa súa documentación asociada, e ampliouse tamén a información dispoñible sobre as actividades formativas, recompilación de normativa, etc.

4.4. COMUNICACIÓN INSTITUCIONAL

A EDIUS continuou na liña de mellora da información e comunicación pública, potenciando a difusión da información institucional non só polas canles máis clásicas (web da EDIUS e listas de distribución) senón tamén empregando as redes sociais da Escola así como o boletín electrónico. Ademais, seguiu a traballar na mellora da organización da información pública dispoñible no sitio web da EDIUS.

Un bo exemplo desta vontade de arrequestrar a información institucional saída da Escola podémolo atopar no [número 35 do Boletín Electrónico](#) da EDIUS (marzo de 2024), no que se presentou un detallado estudo de xénero nos estudos de doutoramento, analizando a presenza e evolución dos homes e mulleres que cursan os estudos de doutoramento e defenden a súa tese, así como o seu grao de representatividade na propia EDIUS.

5. INTERNACIONALIZACIÓN E MOBILIDADE

5.1. DATOS DA INTERNACIONALIZACIÓN DA EDIUS

A EDIUS segue a desenvolver un intenso labor para favorecer a internacionalización dos estudos de doutoramento, un dos seus obxectivos principais. Isto reflíctese, en primeiro lugar, no xa comentado aumento do número de estudantes procedentes de países estranxeiros ([Figura 3](#)). Esta crecente internacionalización da Escola tamén se reflicte no incremento do número de persoas investigadoras estranxeiras que dirixen teses ou que forman parte dos tribunais para a súa defensa ([Táboa 4](#)).

Táboa 4. Evolución do número de directores/as de teses e de persoal experto do estranxeiro en tribunais de teses.

Curso académico	Persoas directoras de tese ¹	Porcentaxe de persoas directoras de tese estranxeiras	Persoas expertas estranxeiras	Porcentaxe de persoas expertas estranxeiras ²
2016/17	345	7,25	65	18,2
2017/18	478	7,74	117	18,7
2018/19	727	8,94	174	19,5
2019/20	1008	9,03	121	15,5
2020/21	1267	9,39	176	17,8
2021/22	1564	11,06	179	16,6
2022/23	1562	12,93	191	18,9
2023/24	1641	13,95	180	17,6

¹Calculado sen considerar se se dirixe a máis dunha persoa doutoranda.

²Calculado sobre o número total de membros de tribunais.

Outro elemento básico de promoción da internacionalización son as teses en cotutela. Neste curso 2023/2024 defendéronse seis teses nesta modalidade, o que supón un claro avance respecto a moitos dos cursos académicos anteriores. A Táboa 6 amosa a evolución do número de teses defendidas na modalidade de cotutela desde o curso 2016/2017.

Táboa 5. Teses en cotutela defendidas na USC.

Curso	Total	Artes e Humanidades	Ciencias da Saúde	Ciencias Sociais e Xurídicas	Ciencias Experimentais e Enxeñarías
2016/17	0	0	0	0	0
2017/18	2	0	2	0	0
2018/19	2	1	1	0	0
2019/20	2	1	1	0	0
2020/21	8	1	3	0	4
2021/22	5	3	0	2	0
2022/23	0	0	0	0	0
2023/24	6	2	1	1	2

A realización de estadías en centros de investigación estranxeiros é outra importante vía de internacionalización para a EDIUS. Por iso paga a pena salientar o aumento notable das teses con mención internacional no título de doutor ([Táboa 6](#)). Como é coñecido, para conseguir esta mención as persoas doutorandas deben realizar unha estancia mínima de tres meses fóra de España nunha institución de ensinanza superior ou centro de investigación de prestixio, cursando estudos ou realizando traballos de investigación. Ademais, a tese deberá ser informada por un mínimo de dous expertos de institucións académicas non españolas e deberá contar con algún membro experto estranxeiro no tribunal que a xulgue.

Neste curso académico mantívose o número de teses con mención internacional en todas as grandes áreas de coñecemento, agás na de Ciencias Sociais e Xurídicas, sendo especialmente relevante na área de Ciencias e Enxeñarías.

Táboa 6. Teses con mención internacional defendidas na USC.

Curso	Total	Artes e Humanidades	Ciencias da Saúde	Ciencias Sociais e Xurídicas	Ciencias Experimentais e Enxeñarías
2016/17	44	7	10	8	18
2017/18	77	9	21	8	39
2018/19	100	15	21	14	50
2019/20	107	28	26	13	40
2020/21	105	18	32	18	37
2021/22	123	20	35	17	51
2022/23	131	24	42	14	51
2023/24	126	19	38	19	50

5.2. CONVOCATORIAS DE MOBILIDADE

En febreiro de 2024 realizouse a convocatoria de bolsas de mobilidade Erasmus+ para estudos de doutoramento. Esta convocatoria vai dirixida ás persoas matriculadas en programas de doutoramento da USC, coa finalidade de que poidan realizar estadias curtas de investigación en universidades europeas. Financiáronse as estadias dun total de 13 persoas doutorandas por un importe de 30.000 euros en países como Noruega, Portugal, Alemaña, Francia, Romanía, Holanda e Italia.

Ao abeiro deste mesmo programa, a USC recibiu neste curso académico 2023/2024 a 24 estudantes de doutoramento de países como Ucraína, Senegal, Líbano, Tunisia, Marrocos, Alxeria, Malí, Níxer, Moldavia, Xeorxia ou Exipto. Ademais, un estudante da USC fixo unha estadia en Xeorxia.

Por outra banda, na convocatoria 2023/2024 para estadias de investigación e de prácticas ao abeiro do Programa Iacobus de cooperación e intercambio entre os recursos humanos dos centros de ensinanza superior da Eurorrexión Galicia - Norte de Portugal - Profesores; Investigadores; Persoal de Administración e Servizos (PAS), concedéronse 14 axudas a persoas doutorandas da USC para facer estadias en institucións educativas e centros de investigación de Portugal.

Outros programas de mobilidade aos que se presentaron estudantes de doutoramento da USC para realizar estadias no estranxeiro foron, por exemplo, as axudas de mobilidade da Embaixada de Francia.

Ademais, realizouse e resolveuse por parte da EDIUS a terceira convocatoria das bolsas Fundación José Otero-Carmela Martínez, financiadas por esta fundación. Estas axudas pretenden fomentar a investigación apoiando nos estudos de doutoramento ao estudiantado con menos recursos económicos ou que se atope nunha situación persoal e familiar de gravidade, en función dos indicadores de vulnerabilidade e risco de exclusión social. Deste xeito, a USC, en colaboración coa Fundación José Otero-Carmela Martínez, posibilita que aquelas persoas matriculadas nun programa de doutoramento que non poidan sufragar a súa formación, teñan a oportunidade de continuar coa súa investigación de cara á excelencia na realización da tese doutoral.

As axudas destináronse a cubrir os gastos da matrícula dos estudos de doutoramento, así como aqueles outros que, de maneira xustificada, se deriven ou sexan necesarios para a realización das actividades conducentes a lograr os obxectivos académicos fixados no Plan de Investigación, incluíndose a cobertura da matrícula no programa de doutoramento; os gastos derivados da realización dunha estadía de investigación nun centro do estranxeiro, de entre un mes e tres meses de duración, aprobada con carácter previo á súa realización pola Comisión Académica do Programa de Doutoramento da USC; os gastos derivados da asistencia a congresos, conferencias, seminarios ou reunións científicas, ou os gastos de material informático imprescindible para a realización da tese de doutoramento.

Así, neste curso 2023/2024 o número de estudantes de doutoramento beneficiados foron 21, cun importe total das axudas que ascendeu a 26.449 euros. A maior asignación foi de 3.000 euros e a menor de 200 euros.

Por outra banda, dentro do convenio asinado entre a USC e a Fundación Carolina, un estudante mexicano acadou unha das 35 becas que a devandita fundación outorga para desenvolver os estudos de doutoramento en universidades españolas. Este estudante comezou o seu doutoramento na USC en setembro de 2024.

Estas e outras convocatorias de mobilidade, de curta e longa duración, explícanse no apartado da web da Escola sobre [Convocatorias e axudas](#).

6. NORMATIVA

Neste curso 2023/2024 producíronse as seguintes incorporacións e actualizacións de diversos aspectos normativos:

6.1. APROBACIÓN DO NOVO REGULAMENTO DE ESTUDOS DE DOUTORAMENTO

O Consello de Goberno aprobou o 10 de xuño de 2024 o novo [Regulamento de Estudos de Doutoramento da Universidade de Santiago](#), publicado no Diario Oficial de Galicia o 30 de agosto de 2024.

O devandito texto incorpora todos os cambios normativos producidos dende a aprobación do anterior Regulamento de Estudos de Doutoramento da USC, aprobado polo Consello de Goberno do 24 de xullo de 2020, e que implican a modificación de aspectos substanciais do funcionamento dos programas de doutoramento que redundarán na mellora das condicións nas que o estudantado de doutoramento desenvolve os seus estudos.

Para facilitar o tránsito entre os dous regulamentos, establecéronse tres disposicións transitorias. A primeira delas fai referencia ás excepcións á aplicación da nova normativa. Nas disposicións segunda e terceira concrétnanse os apartados do novo regulamento que se aplicarán a partir do 1 de setembro de 2024 e cales a partir do mesmo día de 2025.

Entre as principais novidades que se introducen no presente Regulamento está a previsión de que a EDIUS proporcione asesoramento ás persoas doutorandas para a súa integración nos programas de doutoramento, así como a obrigatoriedade de contar cun plan de formación persoal. Ademais, establécese que as persoas doutorandas teñan a consideración de investigadores e investigadoras en formación e refórzase a obriga que a persoa directora da tese ten de acompañar e asesorar durante todo o proceso de elaboración desta.

Outra das novidades do novo regulamento é a ampliación da duración máxima dos estudos de doutoramento, tanto na modalidade de tempo completo como na de tempo parcial. A tempo total, os estudos de doutoramento pasarán a ter unha duración de catro anos, máis a posibilidade dunha única prórroga dun ano. O doutoramento a tempo parcial pasa a ter unha duración de sete anos e a posibilidade tamén de prorrogalo un ano.

Así mesmo, revísanse as causas de suspensión do cómputo de tempo para a realización destes estudos como consecuencia de situacións de incapacidade temporal, nacemento, adopción, garda con fins de adopción, acollemento, risco durante o embarazo, risco durante a lactación e violencia de xénero.

Por outra banda, introdúcese unha serie de medidas vinculadas coa supervisión e avaliación do traballo desenvolvido pola persoa doutoranda e a garantía da súa calidade. Así, por exemplo, esíxese que cada tese de doutoramento conte cun mínimo de dous informes emitidos por persoas doutoras expertas na materia e externas á universidade na que se atopa matriculada a persoa doutoranda. Estas persoas expertas poderán

proponer aspectos de mellora da tese que deberán ser observados polas persoas doutorandas. Prevese, ademais, que o tribunal que avalíe a tese estea formado por unha maioría de membros externos non só á universidade onde se defende a tese, senón tamén ao programa no que ten formalizada a matrícula a persoa doutoranda, e garántese que o tribunal teña unha composición equilibrada entre homes e mulleres.

Por último, regúlanse diversos aspectos relacionados cos requisitos de acceso e admisión aos programas de doutoramento, a Mención Internacional e a Mención Industrial no título de Doutora ou Doutor, e as teses en réxime de cotutela.

En detalle, os cambios principais serían os seguintes:

- Cambio/adaptación da duración dos estudos de doutoramento, pasando a catro anos cando a dedicación é a tempo completo e sete a tempo parcial, con posibilidade dun ano adicional de prórroga en ambos casos. A duración dos estudos pode incrementarse ata os seis e nove anos, respectivamente, se a persoa conta cunha discapacidade igual ou superior ao 33 %.
- Consideración das persoas doutorandas como investigadores e investigadoras en formación.
- Definición de experiencia investigadora acreditada para poder dirixir teses de doutoramento. En concreto, necesidade de posuír recoñecemento dun tramo de actividade investigadora (sexenio) pola CNAAI ou méritos equivalentes.
- Incorporación da necesidade de elaboración e presentación dun plan de formación persoal ademais do plan de investigación.
- Máis acompañamento e asesoramento por parte das persoas directoras.
- Incremento das casuísticas que permitan a suspensión de estudos (violencia de xénero, risco durante o embarazo ou lactación, adopción, acollemento...).
- Restrición para o nomeamento de terceiros directores, limitándose exclusivamente a aqueles casos nos que concorran razóns de interdisciplinariedade temática da tese.
- Esixencia de dous informes de persoas doutoras externas con experiencia na temática da tese
- O tribunal da tese ten que estar composto por unha maioría de membros externos á Universidade e ao programa de doutoramento, cunha composición equilibrada de homes e mulleres
- Elaboración dun novo artigo sobre Premios Extraordinarios de Doutoramento.
- Incorporación da posibilidade de realizar a acreditación institucional por parte das escolas de doutoramento, o que implica directamente o seu recoñecemento como centros docentes.

- Cambios nos requisitos de acceso aos estudos de doutoramento, cunha clara distinción entre estudantes do EEES e non-EEES:
 - Españois: 300 ECTS e nivel Mec3 3.
 - EEES: Nivel 7 do Marco Europeo de Cualificacións e acceso ao doutoramento no país de expedición do título.
 - Non-EEES: Equivalencia e acceso ao doutoramento no país de expedición do título.
- Cambios nos requisitos para a concesión da mención internacional:
 - Permítese o desenvolvemento de estadías partidas cunha duración non inferior a 7 días e polo menos unha das estancias realizadas debe ter unha duración superior a 1 mes.
- Cambios nas teses en cotutela:
 - Poderá facerse unha tese en cotutela con máis dunha universidade estranxeira.
 - Para optar a mención internacional, a(s) estadía(s) non poderán realizarse en ningunha das institucións estranxeiras asinantes do convenio.
- Cambios nos requisitos para a obtención da mención industrial:
 - A contratación coa empresa terá como duración mínima un ano.
 - A tese ten que ser realizada na súa maioría na entidade, empresa ou administración pública.
 - O convenio Universidade-empresa pasa a ser obrigatorio en todos os casos.
- Obrigatoriedade da presenza de representación estudantil nos comités de dirección das escolas de doutoramento.
- Posibilidade de título electrónico para títulos do programa Universidades Europeas no grao, mestrado e doutoramento.

6.2. APROBACIÓN DO NOVO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DA EDIUS

O Consello de Goberno aprobou o 10 de xuño de 2024 o novo [Regulamento de Réxime Interno da EDIUS](#). O actual texto incorpora todos os cambios normativos derivados da modificación do RD 99/2011 e que derivou no desenvolvemento dun novo Regulamento de Estudos de Doutoramento da USC, polo que se fixo necesario elaborar un novo Regulamento de Réxime Interno da EDIUS.

No devandito documento realizouse unha revisión das competencias das diversas comisións e órganos de goberno da EDIUS, especialmente da Comisión de Calidade, que se convirte tamén no órgano de resolución de conflitos da EDIUS. Porén, os cambios máis salientables nese texto son aqueles que fan referencia á regulación da composición das CAPD dos Programas de doutoramento, incluídos os programas conxuntos, establecéndose un mecanismo regulado de elección dos seus membros.

7. RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

7.1. XORNADAS DE BENVIDA AO ESTUDANTADO DE DOUTORAMENTO

Neste curso 2023/2024 celebráronse dúas xornadas de benvida e información ao estudiantado de doutoramento tras finalizar os prazos de admisión e matrícula nestes estudos.

A primeira xornada tivo lugar o 23 de outubro de 2023 e a segunda o 20 de marzo de 2024 en formato presencial no Centro de Estudos Avanzados (CEA) no Parque de Vista Alegre, con posibilidade de conexión vía plataforma TEAMS para aquel estudiantado que non podía asistir en persoa. Nestas sesións, ademais de presentar a estrutura organizativa e funcións da EDIUS, fíxose un repaso dos trámites académico-administrativos que o estudiantado debe realizar ao longo do proceso de elaboración da súa tese e achegouse información relacionada cos tipos de teses, prazos para a súa presentación, o papel das persoas directoras e titoras, etc.

Ademais, aclaráronse todas as dúbidas expresadas polas persoas participantes sobre diversos procedementos e actividades académicas.



7.2. ACTO DE ENTREGA DOS PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE DOUTORAMENTO

Por segundo ano consecutivo, as persoas gañadoras do Premio Extraordinario de Doutoramento da USC recibiron este importante recoñecemento nun acto público no que estiveron arroupados por familiares, amigos e algúns directores e directoras de tese.

A cerimonia presidiuna a vicerreitora de Titulacións e Internacionalización, María José López Couso, e nela participou ademais a secretaria xeral, Dulce María García Mella, e a

secretaria da EDIUS, María Isabel Neira Gómez. No nome das persoas premiadas interveu Carmen de Santiago Gómez, doutora pola USC no Programa de Doutoramento en Estudos Medievais e premio extraordinario da área de Artes e Humanidades nesta convocatoria de 2021/2022. Xunto a Carmen de Santiago foron premiados outros 4 doutorandos e doutorandas da área de Artes e Humanidades, 10 da de Ciencias e Enxeñarías, 12 da de Ciencias da Saúde e 8 da de Ciencias Sociais e Xurídicas.

Carmen de Santiago Gómez explicou que este premio “reconforta porque recoñece o traballo ben feito” e salientou a importancia do labor da investigación asegurando que “o coñecemento nútrese de esforzos como o noso”. Santiago Gómez resumiu a etapa de doutoramento como “aprender para contribuír á aprendizaxe doutros”.

A vicerreitora de Titulacións despediu o acto dándolles os parabéns e instándoo “a conquistar o mundo, que está agardando por vós”.

7.3. XUNTANZAS CON OUTRAS INSTANCIAS UNIVERSITARIAS

A imaxe institucional da EDIUS seguiu a fomentarse en todos os actos nos que participou o equipo de dirección. Este, representado polo seu director, subdirectores/as e secretaria, mantivo reunións semanais coa Vicerreitora de Titulacións e Internacionalización onde se despacharon todas as cuestións relacionadas cos estudos de doutoramento, así como con outros membros do Equipo de Goberno da Universidade, tales como a Vicerreitora de Política Científica, o Adxunto de Calidade, a Adxunta de Internacionalización, Secretaria Xeral, etc., tratando diversos temas de interese para a Escola nos ámbitos dos respectivos vicerreitorados.

7.4. XUNTANZAS E XORNADAS CO ESTUDANTADO DE DOUTORAMENTO

Durante este curso académico seguiu a potenciarse o contacto e a relación co estudantado de doutoramento por medio de diversas xuntanzas entre a dirección da EDIUS e os representantes do colectivo de persoas doutorandas, nas que se tratou principalmente o desenvolvemento e contidos do novo Regulamento de Estudos de Doutoramento e do Regulamento de Réxime Interno da EDIUS. Tamén se discutiron diversas accións para mellorar as relacións entre as persoas doutorandas e as persoas directoras de tese, a necesidade de formación transversal, a necesidade de matizar mellor os criterios para o baremo empregado para xulgar os premios extraordinarios de doutoramento, etc. Asemade, realizouse unha nova xornada de información/formación sobre a elaboración das teses de doutoramento, os requisitos e estrutura formal destas, como xestionar os permisos dos coautores e das editoriais para a reprodución de artigos e figuras, o proceso de depósito, etc., todas elas cuestións que adoitan suscitar dúbidas a unha parte significativa do estudantado no momento de preparar a súa tese.

7.5. XUNTANZAS DOS ÓRGANOS COLEXIADOS DA EDIUS

O Comité de dirección da EDIUS, máximo órgano de goberno da Escola de Doutoramento, foi convocado durante o curso 2023/2024 nas datas seguintes:

- 12 de decembro de 2023
- 18 de xaneiro de 2024
- 18 de abril de 2024
- 27 de xuño de 2024

A Comisión de Calidade reuniuse nas seguintes datas:

- 14 de maio de 2024
- 12 de xuño de 2024
- 30 de xullo de 2024

Finalmente, a Comisión Executiva da Escola, como órgano encargado de resolver as cuestións de trámite académico e administrativo, mantivo as seguintes xuntanzas:

- | | |
|--------------------------|--------------------------|
| - 7 de setembro de 2023 | - 12 de xaneiro de 2024 |
| - 22 de setembro de 2023 | - 25 de xaneiro de 2024 |
| - 6 de outubro de 2023 | - 8 de febreiro de 2024 |
| - 20 de outubro de 2023 | - 22 de febreiro de 2024 |
| - 3 de novembro de 2023 | - 7 de marzo de 2024 |
| - 17 de novembro de 2023 | - 21 de marzo de 2024 |
| - 1 de decembro de 2023 | - 4 de abril de 2024 |
| - 15 de decembro de 2023 | - 18 de abril de 2024 |
| | - 3 de maio de 2024 |
| | - 16 de maio de 2024 |
| | - 30 de maio de 2024 |
| | - 17 de xuño de 2024 |
| | - 1 de xullo de 2024 |
| | - 15 de xullo de 2024 |
| | - 29 de xullo de 2024 |

7.6. CONFERENCIA DE DIRECTORES DE ESCUELAS DE DOCTORADO (CDED)

A Conferencia de Directores de Escolas de Doutoramento (CDED), creada en 2013, ten como obxectivo principal a mellora da calidade dos estudos de doutoramento, para o que promove diversas actividades cada ano. Á XI Conferencia anual que se celebrou na Universidade de Alicante os días 26 e 27 de outubro de 2023 asistiron o Director e a Xefa de sección da EDIUS. Os temas a discutir nesta Conferencia centráronse na propiedade intelectual e ciencia aberta; a organización académico-administrativa das escolas de doutoramento; a acreditación das Escolas de Doutoramento; o benestar emocional do estudantado e os retos da converxencia europea das escolas de doutoramento.

8. RELACIÓNS COAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E EMPRESAS

8.1. CONVOCATORIA AUTONÓMICA DE DOUTORAMENTOS INDUSTRIAIS

A realización de doutoramentos industriais é unha excelente vía para fomentar as relacións coas empresas. Para obter este recoñecemento na tese cómpre que a persoa doutoranda participe nun proxecto de investigación industrial ou de desenvolvemento experimental nunha empresa ou Entidade Pública na que ten que estar contratado e coa que, a miúdo, hai que firmar un convenio.

Para dar cobertura a esta tipoloxía de tese, no DOG do 17 de agosto de 2023 publicouse a primeira convocatoria autonómica de doutoramento industriais por parte de GAIN. Nesta convocatoria convocáronse de novo 15 axudas das cales 9 corresponderon á USC, 1 á Universidade de Vigo e 5 á Universidade de A Coruña, o que pon de manifesto o éxito da convocatoria na nosa institución e a importante conexión desta co tecido industrial galego.

Ademais, a EDIUS participou como entidade asesora da convocatoria de Doutoramentos Industriais da GAIN de cara a corrixir os pequenos defectos detectados en base á experiencia previa de convocatorias anteriores e aportar a súa visión de a onde deben dirixirse os esforzos para maximizar o impacto dos doutoramentos industriais.

9. DOUTORAMENTOS HONORIS CAUSA

Martha C. Nussbaum e Michael Keating, figuras senlleiras para entender as Ciencias Sociais do século XXI, integran dende o 18 de decembro de 2023 o claustro de doutoramentos *honoris causa* da USC. Nussbaum é doutora en Dereito e Ética pola Universidade de Harvard. Foi docente en Harvard, Brown, Oxford e na Universidade de Chicago. As súas obras constitúen unha referencia obrigada nos programas de estudo das universidades de todo o mundo, tanto no ámbito da Filosofía como no das Ciencias da Educación, Dereito ou Ciencias Políticas. En 2012, foi galardoada co Premio Príncipe de Asturias de Ciencias Sociais. Nesta ocasión, a súa intervención centrouse nos animais non humanos aos que definiu como “peregrinos” xa que se desprazan constantemente na procura dunha contorna estable na que vivir. A profesora é recoñecida en todo o mundo como a “filósofa das emocións”. Nussbaum amosouse esperanzada na construción dun mundo que respecte os dereitos dos animais, loita na que tamén estivo involucrada a súa filla Rachel, finada en 2019. A entrega do doutoramento Honoris Causa a Martha Nussbaum estivo marcada polas protestas estudiantís polo seu apoio ao movemento sionista.

O profesor Keating, da Universidade de Aberdeen, ten acreditada unha traxectoria de gran relevancia e proxección internacional no ámbito da Ciencia Política, complementada por un intenso labor investigador e asesor en institucións vencelladas ao proceso de devolución dos poderes lexislativo e executivo no Reino Unido e ao impacto europeo do proceso de Brexit. Keating iniciou a súa intervención lembrando a súa primeira visita a Compostela no ano 1993, tamén da man do seu padriño no doutoramento *honoris causa*, o profesor emérito da USC Ramón Máiz. Ao longo do seu medio século de carreira académica, e moi especialmente na actualidade, unha das grandes preocupacións do profesor Keating foi a de potenciar a interdisciplinariade e pluralismo metodolóxico nas Ciencias Sociais. “O mundo real, as relacións entre os seres humanos, son moi complexas, hai diferentes cores”, subliñou no seu discurso. Nun contexto como o actual no que a comprensión do tecido social pasa pola suma de perspectivas, o profesor Keating alertou ante a “fragmentación do coñecemento e a especialización excesiva”.

10. ELECCIÓN DE CARGOS, PROCESOS ELECTORAIS E TRANSPARENCIA

A profesora Eva Rodil Rodríguez foi nomeada o 1 de setembro de 2023 como nova subdirectora da Sección de Ciencias e Enxeñarías en substitución do profesor M. Eugenio Vázquez Sentín, que presentou a súa renuncia por motivos persoais.

Como consecuencia da saída da profesora Rodil da secretaría da EDIUS, a profesora M. Isabel Neira Gómez foi nomeada como nova secretaria da Escola, mentres que a profesora María del Carmen Sánchez Carreira foi nomeada nova coordinadora de formación da EDIUS.

O pasado 27 de novembro celebráronse as votacións para elixir a representación do estudantado da EDIUS no Consello do Estudiantado. O Consello do Estudiantado da USC botou a andar en setembro de 2022 coa vontade de ser un punto de encontro das realidades do estudantado dos distintos centros e de defensa dos seus dereitos. En total, foron tres as persoas elixidas. Na sección de Artes e Humanidades o representante será Miguel Guisantes Alonso, da Asemblea de Investigadoras de Compostela (AIC). En Ciencias e Enxeñarías, Óscar Vicent Giner Rajala, e na área de Ciencias da Saúde, Julia Rey Brandariz. Na sección de Ciencias Sociais e Xurídicas non se presentou ningunha candidatura.

11. XESTIÓN ADMINISTRATIVA

Durante este curso seguíronse a fomentar as relacións entre a EDIUS e as sedes administrativas dos programas, en particular co persoal de apoio destes. Por exemplo, realizáronse novas xornadas de formación destinadas a informar do funcionamento da nova aplicación informática para a xestión da solicitude de autorización da defensa das teses a través de Xescampus. Tamén, ante os numerosos cambios realizados entre o persoal de apoio aos programas, realizouse unha sesión formativa/comunicativa do funcionamento xeral da ferramenta Xescampus no que atinxe á xestión dos plans de investigación, informes anuais, documento de actividades, etc.

Por outra banda, realizouse unha optimización do procedemento e os formularios necesarios para os distintos pasos da xestión da solicitude de autorización da defensa das teses de doutoramento, revisando completamente a pertinencia dos diversos pasos e, en particular, da estrutura e contido dos documentos que se precisan, todo coa finalidade última de facilitar o proceso de solicitude.

12. XESTIÓN DA CALIDADE

O Informe de Seguimento dos programas de doutoramento (IS), o Informe sobre a Calidade dos estudos de doutoramento (ICED) e o Plan Anual de Mellora (PAM) son os principais instrumentos do Sistema de Garantía Interna da Calidade dos programas de doutoramento da EDIUS e teñen como obxectivo a mellora continua da titulación, garantindo un nivel de calidade que facilite o seu seguimento e acreditación pola ACSUG. As enquisas de satisfacción son unha fonte importante para a elaboración destes informes que, pola súa banda, son a base para a proposta do Plan Anual de Mellora por parte dos programas de doutoramento.

Durante o curso 2023/24 a calidade dos estudos de doutoramento foi avaliada tanto de forma interna coma externa. Internamente, aplicáronse os seguintes instrumentos habituais:

1. Enquisa ao estudiantado do programa de doutoramento.
2. Enquisa ás persoas directoras de tese.
3. Enquisa ao Persoal de Administración e Servizos de apoio aos programas de doutoramento.

Ademais, agás os que se atopaban en proceso de modificación da memoria de verificación, neste curso académico a maioría dos programas de doutoramento realizaron os seus informes de seguimento internos. Por outra banda, varios programas de doutoramento recibiron a aprobación final das súas memorias de verificación como consecuencia das recomendacións dadas nos respectivos informes finais de acreditación.

12.1. RENOVACIÓN DA ACREDITACIÓN DOS PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO

Durante este curso académico 2023/24 acadou a renovación da acreditación, recibindo o seu informe final, o seguinte programa de doutoramento da USC:

- Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias Aplicadas

12.2. MODIFICACIÓN DE PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO

Varios programas de doutoramento recibiron o informe favorable da ACSUG para a implantación das súas modificacións no vindeiro curso 2024/2025. Ademais, neste proceso puidéronse realizar as modificacións oportunas da memoria para adaptalos de xeito definitivo aos cambios normativos introducidos tras a modificación do Real Decreto 99/2011 polo Real Decreto 576/2023, e o conseguente desenvolvemento dun novo Regulamento de Estudos de Doutoramento da USC. Estes programas de doutoramento foron:

- Ciencia de Materiais
- Educación
- Enxeñaría Rural e Civil
- Epidemioloxía e Saúde Pública
- Estudos da Literatura e a Cultura
- Física Nuclear e de Partículas
- Historia, Xeografía e Historia da Arte
- Investigación en Tecnoloxías da Información
- Lingüística
- Marketing Político, Actores e Institucións nas Sociedades Contemporáneas
- Medicina e Sanidade Veterinaria

Ademais, comezaron o proceso de modificación das memorias neste curso os seguintes programas:

- Avances en Bioloxía Microbiana e Parasitaria
- Biodiversidade e Conservación do Medio Natural
- Desenvolvemento Psicológico, Aprendizaxe e Saúde
- Enxeñaría Química e Ambiental
- Estudos Culturais: Memoria, Identidade, Territorio e Linguaxe
- Estudos Medievais
- Investigación Básica e Aplicada en Ciencias Veterinarias
- Matemáticas
- Medio Ambiente e Recursos Naturais

Finalmente, continuouse a perfeccionar a información institucional e común a todos os programas de doutoramento no modelo de memoria de verificación co obxectivo de simplificar o traballo aos programas, ademais de recoller toda a información necesaria para nutrir os campos que aínda requiren de mellora na información pública contida nas páxinas web institucionais dos programas.

12.3. ENQUISAS DE SATISFACCIÓN

As enquisas de satisfacción ao estudantado e profesorado dos programas, así como a persoas directoras e titoras, son un instrumento clave do sistema de calidade. A participación dos distintos colectivos é aínda escasa pero as medidas activadas para a súa mellora permiten agardar certo incremento na participación.

Paga a pena mencionar a este respecto que os datos, en termos xerais e a nivel de programa, seguen a mostrar de novo unha lixeira mellora na valoración dos estudos de doutoramento por parte de todos os colectivos. Polo que respecta ao estudantado, de novo se salienta a utilidade das estadías realizadas. Tamén cómpre resaltar a mellora notable na percepción dos resultados científicos obtidos polo estudantado, algo xeneralizado en todas as ramas de coñecemento. Isto suxire que o noso estudantado cada vez publica máis e ten unha participación máis activa en congresos, seminarios ou conferencias, aínda que existe marxe de mellora neste aspecto. Detéctase tamén unha marxe de mellora importante en relación ao desenvolvemento das teses. En todo caso, obsérvase unha satisfacción xeral elevada do estudantado cos programas e coa Escola, satisfacción na que se inclúe o traballo das persoas directoras.

As respostas do profesorado dos programas así como das persoas responsables da titoría e dirección de teses indican un paulatino crecemento da súa satisfacción respecto da organización e xestión dos estudos de doutoramento. A valoración da calidade da información dispoñible, do sitio web da Escola, da xestión administrativa e das relacións coa EDIUS segue a mellorar, o que é un estímulo para seguir traballando. Algo semellante pode sinalarse en relación coa valoración das actividades formativas, cuxa importancia foi callando tamén entre as persoas directoras. Isto é moi positivo pola influencia que estes teñen para que o estudantado as curse e, deste xeito, mellore a súa competencia investigadora. As persoas directoras de tese son tamén conscientes da precariedade das axudas coas que conta o estudantado. Por último, resulta evidente que o profesorado dos programas (así coma as persoas directoras e titoras) amosa un bo nivel de satisfacción co estudantado e cos programas no seu conxunto.

12.4. INFORMES DE CALIDADE E PLAN DE MELLORAS

A elaboración e aprobación do informe de seguimento é responsabilidade da Comisión Académica do Programa de doutoramento (CAPD), consonte ao Procedemento PC-05 (análise de resultados e mellora dos programas), sendo a persoa coordinadora do programa de doutoramento a encargada de cumprimentar o informe no modelo achegado polo persoal da Área de Calidade e Mellora dos Procedementos (ACMP). Unha vez aprobado pola CAPD e pola Comisión de Calidade da EDIUS publícase directamente no sitio web do programa de doutoramento. O informe consta de varios apartados editables para a reflexión e valoración dos indicadores. Poden introducirse os datos e consideracións que se estimen oportunos para unha mellor avaliación dos estudos. No curso 2023/24 todos os programas de doutoramento realizaron o seu informe de seguimento interno.

Por outra banda, o ICED é o documento elaborado pola Comisión de Calidade da EDIUS no que, a partir dos informes de seguimento dos programas de doutoramento, se analiza e avalía a calidade dos estudos de doutoramento da USC. Inclúe, no seu caso, as valoracións e recomendacións que se consideren oportunas dirixidas ás CAPD dos distintos programas de doutoramento. O ICED do curso 2022-23 está pendente de aprobación pola Comisión de Calidade da EDIUS. Unha vez aprobado, publicarase no sitio web da EDIUS.

En referencia ao Plan de Melloras, a persoa responsable da coordinación do programa de doutoramento elabóralo en paralelo ao informe de seguimento e remite ambos os dous, segundo o calendario establecido, á Comisión de Calidade da EDIUS para a súa aprobación. Se esta Comisión observara deficiencias na calidade técnica do informe de seguimento e do plan de melloras podería solicitar á coordinación a corrixir as devanditas deficiencias. Unha vez aprobado, este será publicado automaticamente no sitio web do programa de doutoramento. O plan de melloras, cando se considerou necesario, foi integrado no informe de seguimento de cada programa que realizou este proceso no curso 2022/2023. Nos casos dos programas de doutoramento en proceso de modificación de memoria, o plan de melloras incorporouse e activouse na propia modificación da memoria dos programas suxeitos a este proceso.

A) EQUIPO DIRECTIVO DA EDIUS

O equipo de dirección da EDIUS está composto polo director/a, os subdirectores/as e o/a profesor/a secretario/a, segundo establecen os artigos 8, 9 e 13 do seu Regulamento de Réxime Interno, aprobado por acordo do Consello de Goberno do 10 de xuño de 2024.

A composición actual do equipo directivo da EDIUS é a seguinte:

Director: Prof. Pablo Taboada Antelo

Subdirectora de Artes e Humanidades: Prof. Dolores Vilavedra Fernández

Subdirector de Ciencias e Enxeñarías: Prof. Eva Rodil Rodríguez

Subdirector de Ciencias da Saúde: Prof. José Manuel Cifuentes Martínez

Subdirector de Ciencias Sociais e Xurídicas: Prof. José Miguel Túñez López

Secretaria: Prof. María Isabel Neira Gómez

Coordinadora de Formación: Prof. María del Carmen Carreira Sánchez

B) EQUIPO ADMINISTRATIVO DA EDIUS

O equipo administrativo da EDIUS estrutúrase do seguinte xeito:

Xefatura de Sección: Carolina López Gómez

Técnico Superior de Xestión: María López Giménez

Xefatura de Negociado de Escolas de Doutoramento: María Esperanza Valero Fandiño

Xefatura de Negociado de Estudos de Doutoramento: María José Novoa Pérez

ATI (Área de Formación EDIUS - Vista Alegre): María Teresa González Pastoriza

Posto base: Sofía Quintero Pereiro

Posto base: Sonia González Rodríguez

Posto base: Alberto Lagarda Cerviño

Posto base: Luis Ramos Balsa

Hai que poñer de manifesto que o equipo administrativo da EDIUS segue sen atoparse correctamente dimensionado para a carga de traballo e competencias que asume, e isto malia as reiteradas peticións feitas desde a dirección da Escola a través da presentación, de novo, do plan estrutural das necesidades de recursos humanos e económicos da EDIUS así como da solicitude dunha modificación das competencias do devandito equipo, de cara a unha xestión máis eficaz dos estudos de doutoramento e os seus Programas.

C) COMITÉ DE DIRECCIÓN DA EDIUS

O Comité de Dirección é órgano colexiado de goberno da EDIUS. Segundo o artigo 7.1 do seu Regulamento de Réxime Interno está composto por:

- a) A persoa titular da dirección da EDIUS, que o presidirá.
- b) A persoa titular da secretaría da EDIUS, que o será tamén do Comité de Dirección.
- c) As catro persoas titulares das subdireccións das seccións da EDIUS.
- d) As persoas coordinadoras dos programas de doutoramento adscritos á EDIUS. No caso de programas interuniversitarios de doutoramento, inclúiranse ás persoas coordinadoras dos mesmos na USC.
- e) Oito representantes do Persoal Docente e Investigador vinculado aos programas de doutoramento adscritos á EDIUS, dous por cada sección, que pertencerán preferentemente a áreas de coñecemento e programas de doutoramento diferentes.
- f) Unha representación do estudantado de doutoramento matriculado nos programas de doutoramento adscritos á EDIUS, e que suporá o 25% do número total dos membros do Comité de Dirección. A súa distribución será en número semellante para cada sección, pertencendo preferentemente a áreas de coñecemento diferentes.
- g) Un representante do Persoal de Administración e Servizos.
- h) Un máximo de catro representantes das entidades que colaboran coa USC nos seus estudos e programas de doutoramento a través de convenios.

D) COMISIÓN DE CALIDADE DA EDIUS

A Comisión de Calidade da EDIUS é o órgano encargado de velar pola calidade dos estudos de doutoramento na USC. As súas funcións e composición veñen determinadas polo Regulamento de Réxime Interno da EDIUS, artigo 12, e estará composta por:

- a) A persoa titular da dirección da EDIUS, que a presidirá.
- b) A persoa titular da secretaría da Escola, que actuará tamén como secretaria da Comisión de Calidade.
- c) As persoas titulares das catro subdireccións da EDIUS.
- d) Oito persoas coordinadoras de programas de doutoramento, dous por cada sección da EDIUS, que pertencerán preferentemente a áreas de coñecemento diferentes.
- e) Catro estudantes de doutoramento matriculados nos programas de doutoramento adscritos á EDIUS, un pertencente a cada sección desta.
- f) Un representante do Persoal de Administración e Servizos.

E) COMISIÓN EXECUTIVA DA EDIUS

A Comisión Executiva da EDIUS encárgase de xestionar e resolver as cuestións e asuntos de trámite da Escola e, segundo o artigo 10 do Regulamento de Réxime Interno da EDIUS, está formada por:

- a) A persoa titular da dirección da EDIUS, que a presidirá.
- b) A persoa titular da secretaría da EDIUS, que actuará tamén como secretaria da Comisión Executiva.
- c) As persoas titulares das catro subdireccións da EDIUS.
- d) Os oito representantes do Persoal Docente e Investigador no Comité de Dirección da EDIUS.

F) COMISIÓNS SECTORIAIS DA EDIUS

As comisións sectoriais da EDIUS encárganse de discutir, propoñer e elaborar todos os aspectos e cuestións relacionados coas especificidades propias dos diferentes ámbitos de coñecemento. Segundo o artigo 11 do Regulamento de Réxime Interno da EDIUS, cada Comisión Sectorial estará formada por:

- a) A persoa titular da dirección da EDIUS ou persoa en quen delegue, que a presidirá.
- b) A persoa titular da secretaría da EDIUS ou persoa en quen delegue, que o será tamén da secretaría das comisións sectoriais.
- c) A persoa titular da subdirección da sección correspondente.
- d) As persoas coordinadoras dos programas de doutoramento adscritos á sección correspondente.
- e) Dous representantes do estudantado de doutoramento pertencentes ao Comité de Dirección da Escola e que pertencen ao ámbito de coñecemento da sección correspondente.

G) COORDINACIÓN DOS PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO

As persoas encargadas da coordinación dos programas de doutoramento serán nomeadas polo Reitor ou Reitora para un período de catro anos renovable por unha soa vez, a proposta da Comisión Académica do Programa, entre o profesorado doutor que participe no programa e reúna as características exixidas polo artigo 8.4 do R.D. 99/2011 e o artigo 21 do Regulamento de Réxime Interno da EDIUS. Se se tratase dun programa interuniversitario, a persoa coordinadora sería nomeada por acordo dos reitores ou reitoras das universidades participantes ou polo medio indicado no correspondente convenio de colaboración (Regulamento de Réxime Interno da EDIUS, artigo 21.5). As persoas coordinadoras presidirán a Comisión Académica e a representarán no ámbito de investigación ao que pertenza.



Memoria anual 2023/24

Escola de Doutoramento Internacional
Universidade de Santiago de Compostela

